

Infantil

Atención ao semáforo

O debut de Aneiros nos contos para cativos peca de didactismo

Os ourizos cachos e o gran río gris · Rosa Aneiros, Rodrigo Chaos (ilustracións) · Galaxia, 2008 · 32 páx · 9,10 euros



Rosa Aneiros acaba de aportar o seu gran de area a ese labor tan importante a día de hoxe para a nosa cultura como é o de darlles aos pequenos lectores un bo material de lectura, que ademais de entretelos lles achega algo máis, e faino con *Os ourizos cachos e o gran río gris*, que vén de ser publicado na colección Árbore para os máis pequenos da editorial Galaxia.

É esta unha historia sinxela na que a autora se preocupa de dirixirse dende un primeiro momento ós lectores para iralles dando unha serie de mensaxes, que se cadra fan que o texto sexa demasiado didáctico, e sobre todo, que careza dun final máis acorde co que se nos narrou, xa que agardas que na última páxina se peche dalgunha maneira a lección que se nos vai dando ó longo de todo o texto e que ó non aparecer, deixa no lector unha sensación de que falta algo.

Os protagonistas son tres bebés de ourizo cacho que non pensan máis que en comer, xogar e vivir grandes aventuras que lles permitan descubrir cousas novas, que

por desgraza case sempre traen grandes perigos asociados. Nesta ocasión o perigo está nun gran río gris que separa a casa dos ourizos do que para eles é o paraíso gastronómico, a horta de Anselmo, chea de ricas mazás, saborosas uvas, gorentosos figos...

A mamá *ouriza* é a encargada de aprenderlles ós seus fillos todos os perigos que hai na vida, porque ela ben sabe que a xuventude é moi ousada e non ten medo de nada, e claro, non sempre vai poder estar con eles para protexelos. Botamos de menos a un papá preocupado polos seus fillos, unha mágoa que tamén no mundo ourizo estean moi ocupados noutros quefaceres máis importantes que os de criar á súa prole.

Dunha maneira moi clara, sinxela e amena, os nenos poden entender que ese perigo que teñen os ourizos ó atravesar ese gran río gris que no verán está morno, no inverno mollado e sempre rabuña moito nos dedos, tamén o teñen eles, xa que as luces son igual de perigosas no seu río gris que nas nosas estradas, e poden provocar accidentes terribles. Ao mesmo que nos dá este aviso, Rosa Aneiros tamén nos fai pensar en todos os ourizos cachos que imos vendo esmagados nas estradas, que perden a súa vida porque os humanos estamos a invadir o seu mundo, e por de fora



Os ourizos cachos e o gran río gris. // **Rodrigo Chaos**

pouco, pensamos que non pasa nada por levar para a casa animalíños, aínda que temos a seguridade de que fóra do seu hábitat e entre catro paredes están destinados a unha morte moi triste.

Ademais das fermosas palabras que van conformando este contiño, están tamén as ilustracións de Rodrigo Chao, un dos nosos novos ilustradores que se vai facendo por méritos propios un oco dentro do mundo da ilustración galego. Como xa o puidemos comprobar noutras ocasións, os bechos son o seu, tanto dá

que sexan cegoñas, ras, canguros ou ourizos. Todos eles presentan unha imaxe moi tenra, e sempre coida nelles ata o máis mínimo detalle. Aquí os seus debuxos son algo máis que un simple adorno do texto, son parte dese propio texto, xa que a medida que imos vendo unha e outra vez o seu traballo, apreciamos sempre algo novo que axuda a que na cabeciña se nos vaia quedando todo o que a autora quere que aprendamos: ollo coas luces, atención aos semáforos, atravesa rápido, que bonita é a noite... // **Ana Amado**